

# ACTUALIZACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

*En cumprimento do disposto na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, procedemos a actualizar os **CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA** do noso centro:*

## **PROMOCIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:**

**Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.** A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

**A promoción no resto de cursos da etapa será automática.**

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

**O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.** A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nese caso, o equipo docente organizará un **plan específico de reforzo** para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das

competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un **informe sobre o grao de adquisición das competencias** de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun **informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas**.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:**

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º, 4º e 6º**

**PROMOCIONARÁ** o alumnado que:

- Teña avaliación positiva en todas as áreas.
- Teña avaliación negativa nunha área.
- Teña avaliación negativa en dúas ou tres áreas, agás:

- Que as materias non superadas sexan as de lingua galega e/ou lingua castelá, conxuntamente coa de matemáticas.

**NON PROMOCIONARÁ** o alumnado que:

- Teña avaliación negativa en máis de tres áreas
- Teña avaliación negativa en tres áreas e as dificultades que presente sexan un obstáculo para seguir o novo ciclo de xeito satisfactorio.

De xeito extraordinario e coa xustificación necesaria, poderá **PROMOCIONAR** o alumnado que cumpra as seguintes condicións:

- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.
- Que o equipo docente considere que a promoción favorecerá a súa integración social, estabilidade psicolóxica ou calquera outra circunstancia relacionada co benestar e desenvolvemento do/a alumno/a.